Festival Internacional de Xardins de Allariz
Allariz Garden Festival

2016_OS XARDÍNS DO FUTURO

Un medio ambiente non pode existir fóra da natureza, e así a agricultura deberá ser o fundamento para vivir. O retorno de toda-la xente ó campo para cultivar a terra e crear aldeas de homes verdadeiros é o camiño a seguir para a creación de ciudades ideais e nacións ideais.
Masanobu Fukuoka



[Re]evolución

Mª Susana Ribeiro Pérez
Jesús Pacheco Justo

Concepto

Construir o futuro ollando cara o pasado", a síntese entre o coñecemento tradicional e o contemporáneo.
Se tomamos como punto de partida as técnicas de traballo propias do lugar e a memoria colectiva, seremos capaces de chegar a un deseño sostible de xardín productor de alimentos, sen deixar de lado a beleza.

Considerando que o sistema monocultural de cultivo empregado na actualidade é inviable, a permacultura preséntase como unha alternativa válida. A permacultura consiste na creación de agrosistemas naturais, policulturais, baseados nuns principios éticos e de deseño concretos que permiten producir alimento sen degradar nin consumir a contorna onde se practica. Unha simbiosis entre os seres humanos e o seu entorno. Unha actitude de respecto e harmonía tanto co medio, as plantas, os animais e as persoas.

Inspiración

O deseño parte dunha espiral celta de dúas voltas que evoluciona adaptándose ás necesidades do proxecto. De esta forma o recorrido tórnase fluido, deixando que os visitantes escollan o camiño que desexen. Este deseño tamén permite a distribución por zonas diferenciadas onde se cultivarán especies que se axudenn mutuamente.
A espiral, ademais de pertencer ó noso pasado celta, empregouse tratando de minimizar a utilización da liña recta, propia do ser humano, e favorecendo o deseño que xurde de forma espontánea na natureza, símbolo de perfección e beleza en gran cantidade de especies.



Materiais

Pavimento con táboas de madeira de castaño

Pedra de granito para formar o borde dos bancais

Acolchado de palla nos bancais

Pavimento de grava blanca

Especies



Estruturas



1_Tarabela elaborada en madeira de castaño. Utensilio tradicional e sostible que permite afastar os paxaros dos cultivos.

2_Hotel de insectos elaborado mediante cestería e canas.
Permite garanti-la presenza de insectos beneficiosos para as plantas, que se encargan de polinizar e controla-las pragas.

3_Estruturas para o sustento das plantas, feitas con vimbio.



Planta
e 1:50